



**B**ASES PRESENTACIÓN  
CANDIDATURAS: **T**RABALLO  
**F**IN DE **M**ÁSTER

**Colexio Profesional de  
Enxeñaría en Informática  
de Galicia**





## CONTIDO

<b>1</b>	Introdución.....	3
<b>2</b>	Dotación do Premio.....	3
<b>3</b>	Ámbito da Convocatoria.....	3
<b>4</b>	Documentación.....	3
<b>5</b>	Lugar e Prazo de Presentación.....	4
<b>6</b>	Xurado.....	4
<b>7</b>	Publicación do Fallo e Entrega do Premio.....	4



## 1 INTRODUCCIÓN

Por decimoséptimo ano consecutivo, o colexio outorgará os seus premios dentro da XVII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. A través de distintas categorías, as colexiadas e colexiados recoñecerán aquelas iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática.

Entre os galardóns, o CPEIG convoca o XVI Premio Trabajo Fin de Máster, aberto á presentación de candidaturas, e que tenta ser un estímulo para os estudantes e recién titulados en Máster en Enxeñaría Informática nas universidades galegas.

A convocatoria farase pública no portal [www.cpeig.gal](http://www.cpeig.gal), nas páxinas web das facultades e escolas que imparten a titulación e a través da prensa.

## 2 DOTACIÓN DO PREMIO

Os tres primeiros finalistas tamén beneficiaranse de un ano de colexiación gratuíta, dándolle visibilidade ao resúmen dos traballos.

O mellor traballo recibirá ademais unha gratificación de **1.000 Euros**.

O xurado poderá decláralo deserto en caso de que os proxectos presentados non reúnan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

## 3 ÁMBITO DA CONVOCATORIA

Poden concorrer ao premio todos/as aqueles enxeñeiros/as que teñan presentado nunha universidade galega, nos anos 2023, 2024 e 2025, o Trabajo Fin de Máster en Enxeñaría Informática, ou calquera outra titulación que legalmente habilite ou vincule para o exercicio da profesión da Enxeñaría en Informática.

## 4 DOCUMENTACIÓN

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

1. Ficha resumo do traballo (según modelo).
2. Resumo do traballo, indicando os motivos para a concesión do premio (extensión máxima dous folios).
3. Memoria completa do traballo

## 5 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os documentos deben enviarse por correo electrónico a [informacion@cpeig.gal](mailto:informacion@cpeig.gal) indicando no asunto **Premio Trabajo Fin de Máster**.

O prazo de presentación da documentación remata o **27 de abril de 2025**.

## 6 XURADO

O xurado do premio estará composto por: Presidente, Secretario e un mínimo de 3 vogais. Exercerán como Presidente e Secretario os cargos respectivos do CPEIG. Os vogais serán nomeados entre membros da comunidade universitaria con representación das 3 universidades galegas e a Xunta de Goberno do CPEIG.

A decisión do xurado non poderá ser recurrida.

## 7 PUBLICACIÓN DO FALLO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo do xurado será publicado no portal [www.cpeig.gal](http://www.cpeig.gal)

A entrega do premio terá lugar no transcurso da XVII Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, a celebrarse en Santiago de Compostela o 27 de xuño de 2025.